

VAI SCHOOL - A.N.C.A.S. Camiño Escolar Seguro



Estimadas familias,

Como sabedes, estamos a poñer en marcha o proxecto de **Vai School, rede de camiños escolares seguros** no CEIP A Escardía, coa activación das rutas a partir do curso 2024-25.

Esta iniciativa propón que o alumnado e as familias, que viven cerca da escola, poidan ir camiñando en grupo para mellorar a seguridade e a súa contorna. Tamén, pouco a pouco, permite gañar autonomía e facilitar a conciliación laboral.

Dende febreiro do ano 2023, o alumando traballa contidos e valores de seguridade viaria, nos obradoiros de sensibilización impartidos por **STOP Accidentes**, coñecen as normas de circulación e os percorridos **Vai School**, resultado das Enquisas de Mobilidade cubertas polas familias. Ademais, seguirán repasando, e formándose curso tras curso, con actividades de aula e prácticas, nos diferentes roles que as persoas poden desempeñar na mobilidade: como peón, como pasaxeiro, como ciclista, etc.

Os roteiros, que sinalan os percorridos do Camiño Escolar, estarán dispoñibles no centro, e tamén poden consultarse e descargar da web onde encontras mais información.
www.stopaccidentes.org

Como participar?

Poderá recoller a ficha de inscrición no centro educativo, no mes de xuño (do 7 ao 21) ou en setembro (do 2 ao 20), ou facelo a través da internet. Unha vez realizadas as inscricións, poñerémonos en contacto con vós para coordinar os percorridos e acompañarvos na posta en marcha o primeiro día, e así, coñecemos todos. Os roteiros poden facerse de ida e volta ou participar nun só traxecto, no horario habitual de clase.

Unha vez inscrito, coordinase coas familias e, ao longo do percorrido, acordaranse os distintos puntos de encontro.

Para que o Camiño Escolar funcione tamén como un banco de tempo, cando todas as familias dunha ruta se coñecen, un pequeno grupo de pais/nais pode ir rotándose no acompañamento do percorrido para facilitar a conciliación laboral.

Agradecendo a súa colaboración, quedamos a súa disposición para máis información, non dubide en contactar connosco: ancagalicia@stopaccidentes.org

Tamén na web ou a través do QR:

